

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 30 de setembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D^a. Carmela Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Alvarez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González
D^a M^a Jesus Lago Rey

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta de setembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1109).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 23.09.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1110).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES APROBADOS POLA CONCELLEIRA DE FESTAS NOS MESES DE XUÑO E XULLO DE 2011. EXPTE. 4294/335.

Dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, nos meses de xuño e xullo de 2011, a proposta do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e da técnica do servizo de Festas, con data 23.09.2011.

Xuño

Expte: 4179/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 30/06/2011

Informe Intervención: RCM 47568

Adxudicatario: ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN

Importe total: 1.160,00 EUROS

Xullo

Expte: 4199/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE INFRAESTRUTURAS NO AUDITORIO DE CASTRELOS PARA OS ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 13/07/2011

Informe Intervención: RCM 49359

Adxudicatario: SACAFERRO S.L.

Importe: 21.137,64 EUROS

Expte: 4201/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O CONCERTO DE JUANES

Decreto concelleira data: 14/07/2011

Informe Intervención: RCM 49622

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Importe: 21.236,66 EUROS

Expte: 4202/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUDIOVISUAIS PARA CATRO ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS CON MOTIVO DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 14/07/2011

Informe Intervención: RCM 49625

Adxudicatario: ARTEFOCAL S.L.

Importe: 12.744,00 EUROS

Expte: 4200/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VERIFICACIÓN DE AUTENTICIDADE DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS DAS FESTAS DE VERÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 14/07/2011

Informe Intervención: RCM 49715

Adxudicatario: DNET EU SLU UNIPERSONAL

Importe: 6.961,67 EUROS

Expte: 4203/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA PARA AS ACTIVIDADES DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 15/07/2011

Informe Intervención: RCM 50053

Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA

Importe: 2.000,00 EUROS

Expte: 4206/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO MARATÓN FOTOGRÁFICO

Decreto concelleira data: 19/07/2011

Informe Intervención: RCM 51386

Adxudicatario: AGRUPACIÓN FOTOGRÁFICA GALEGA

Importe: 6.619,80 EUROS

Expte: 4210/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleira data: 22/07/2011

Informe Intervención: RCM 51853

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Importe: 14.104,62 EUROS

Expte: 4218/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ILUMINACIÓN E SON PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA

Decreto concelleira data: 27/07/2011

Informe Intervención: RCM 52158

Adxudicatario: KACHET LOXÍSTICA S.A.

Importe: 9.292,50 EUROS

Expte: 4217/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONTROL E VIXILANCIA DE INSTALACIÓNS DO AUDITORIO DE CASTRELOS

Decreto concelleira data: 28/07/2011

Informe Intervención: RCM 52159

Adxudicatario: HUMANPRO EVENTOS S.L.

Importe: 15.195,10 EUROS

Expte: 4219/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA A DIFUSIÓN DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 28/07/2011

Informe Intervención: RCM 52466

Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.

Importe: 12.692,02 EUROS

Expte: 4221/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA O PREGÓN DAS FESTAS DE VERÁN

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 52471

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN S.L.

Importe: 6.201,25 EUROS

Expte: 4220/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO DE LOGOMARCA E IMAXE "SON DE VIGO"

Decreto concelleira data: 28/07/2011

Informe Intervención: RCM 52473

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Importe: 4.960,72 EUROS

Expte: 4232/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O ESPECTÁCULO "CASTRELOS CIRCUS"

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 53085

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.
Importe: 20.816,82 EUROS

Expte: 4231/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O CONCERTO “SON DE VIGO”

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 53086

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Importe: 13.857,68 EUROS

Expte: 4226/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS AUDIOVISUAIS PARA OS CONCERTOS “SON DE VIGO” E DE LOS PLANETAS

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 53091

Adxudicatario: ARTEFOCAL S.L.

Importe: 6.372,00 EUROS

Expte: 4224/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES INFANTÍS “XOGOS OLÍVICOS”

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 53092

Adxudicatario: JUAN ADOLFO MAGUNA STRASSER

Importe: 19.202,40 EUROS

Expte: 4225/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE OBRADOIROS TRADICIONAIS INFANTÍS “GARABATO”

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 53094

Adxudicatario: MARÍA CONCEPCIÓN CELA REGUEIRO

Importe: 5.940,00 EUROS

Expte: 4248/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN PARA O CONCERTO DE LOS PLANETAS

Decreto concelleira data: 29/07/2011

Informe Intervención: RCM 54289

Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.

Importe: 17.758,56 EUROS

3(1111).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE VIXILANCIA EN DEPENDENCIAS CULTURAI, PERÍODO MAIO-AGOSTO 2011. EXPTE. 13464/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura, do 15.09.2011, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada da área de Cultura, Festas e Política do Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 3609L100011, de 73.853,36 € (setenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros con trinta e seis céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405” que deben ser imputados á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións” (RC 2836).

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, por un importe total de 73.853,36 € (setenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros con trinta e seis céntimos) en concepto de servizos de vixilancia e mantemento de instalacións de seguridade en dependencias culturais, realizados no período maio-agosto de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España S.A., Securitas Sistemas de Seguridad S.A. Unión Temporal de Empresas, Lei 18/1982 de 26 de maio, CIF U-85009405”, a factura 3609L100011, de 73.853,36 € (setenta e tres mil oitocentos cincuenta e tres euros con trinta e seis céntimos) con cargo á partida 3340.227.01.00 “Vixilancia e seguridade de exposicións”.

4(1112).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. POLA REALIZACIÓN DE SERVICIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAI, PERÍODO MAIO-AGOSTO. EXPTE. 13462/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura, do 15.09.2011, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e pola concelleira delegada da área de Cultura, Festas e Política do Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polo importe que figura na factura 2609X100205, de 21.073,94 € (vinte e un mil setenta e tres euros, con noventa e catro céntimos), a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800 que deben ser imputados á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais” (RC 2839).

2.- Recoñecer a obriga a favor de Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, por un importe total de 21.073,94 € (vinte e un mil setenta e tres euros, con noventa e catro céntimos) en concepto de prestación do servizo de atención ao público en dependencias culturais durante os meses de maio-agosto de 2011, incluídos, con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

3º.- Pagar á empresa Servicios Securitas SA con CIF: A 28986800, a factura 2609X100205, de 21.073,94 € (vinte e un mil setenta e tres euros, con noventa e catro céntimos) con cargo á partida 3340.227.99.14 “Servizos de atención ao público en dependencias culturais”.

5(1113).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR SURGAPA CONTRA AS BASES E CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA ANO 2011. EXPTE. 12588/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Educación, do 5.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co informe do letrado asesor do 12.08.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Desestimar --polos motivos expostos nos informes do Servizo Municipal de Educación de datas 10/05/2011 e 05/09/2011 e da Asesoría Xurídica de 12/08/2011--, o recurso interposto por D. José Francisco Rodríguez Pérez, presidente da Federación de Asociacións de Pais de Alumnos do Suroeste de Galicia (SURGAPA) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/02/2011 polo que se aprobaban as Bases e Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa ano 2011 (expte. 12506/332).

2. Indicar ao interesado que o acordo que se lle notifica, pon fin á vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 109.c da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1 e 46.1 da lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa e 116 e concordantes da Lei 30/92, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción da recepción do presente acordo; sen prexuízo da interposición polo interesado de calquera outro recurso que estime procedente conforme a dereito.

6(1114).- CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN AQS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 12612/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Educación, do 24.08.2011, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 16.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 130.012,38 euros para a contratación do Mantemento integral das instalacións de calefacción e A.Q.S. Dos Colexios Públicos da cidade de Vigo, aplicándose á partida 3210.2130000 (Mantemento eléctrico e calefacción depósitos) (Bolsa de Vinculación) do vixente presuposto do ano 2011, e a mesma partida dos futuros orzamentos 2012 e 2013, distribuídos da seguinte forma:

ano 2011, a cantidade de 32.503,10 euros
ano 2012, a cantidade de 65.006,19 euros
ano 2013, a cantidade de 32.503,09 euros

3º Aproba-lo expediente de contratación do servizo para o Mantemento integral das instalacións de calefacción e A.Q.S. dos Colexios Públicos da cidade de Vigo que contén o prego de prescripcíons técnicas particulares de 04-05-2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 02-08-2011.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

7(1115).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-006, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 5130/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 26.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 por un período máximo de 6 meses de duración a contar desde o día 7 de outubro de 2011 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 5130/224.”

8(1116).- DESESTIMAR O RECURSO PRESENTADO POR FOANPAS CONTRA A DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA MULLER 2011”. EXPTE. 5131/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 26.09.2011, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º Desestimar o recurso presentado pola Federación Olívica de asociacións de nais e pais de alumnos (FOANPAS) con CIF G36743946 contra a denegación de subvención da convocatoria de *subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas de promoción da muller 2011*, polos motivos expostos na parte dispositiva deste acordo.

2º Notificar este acordo a FOANPAS informándolle que contra este poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ante o xulgado contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a partir da notificación deste acordo”.

9(1117).- ABONO DE COTAS COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA 12-14, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO 2011. EXPTE. 19239/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Admón. Xeral, do 22.08.2011, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xullo, agosto e setembro de 2011, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 92202120005 do vixente presuposto.

10(1118).- DEVOLUCIÓNS DE GARANTÍAS:

A) HAGS SWELEK. EXPTE. 3706/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a HAGS SWELEK a fianza de 279,70 € constituída para responder da subministración de xogos para parques, xa que foron recibidos mediante acta de 9.2.2009, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) MOVEXVIAL. EXPTE. 2000/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL S.L. a fianza de 6.664 € constituída para responder das obras de reparación xeral de beirarrúas, xa que foron recibidos mediante acta de 28.08.2008, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

C) HIDROMIÑO-NORVIAL S.L. EXPTE. 3743/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a UTE Escalinata Praza de Portugal, a fianza de 17.200 € constituída para responder da construción da escalinata da Praza de Portugal na rúa E. Blein Budiño, xa que foron recibidos mediante acta de 5.05.2009, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

D) ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L. EXPTE. 3730/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ANÓNIMO PUBLICIDAD S.L. a fianza de 11.199,05 € constituída para responder do deseño e edición de material promocional de Turismo, xa que foron recibidos conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

E) HIDROMIÑO-NORVIAL S.L. EXPTE. 3742/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a UTE Escalinata Praza de Portugal a fianza de 4.000 € constituída para responder das instalacións complementarias na escalinata de E. Blein Budiño, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 17.08.2010, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

F) SERVIMUN-XESTRILOC, S.L. EXPTE. 3741/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SERVIMUN-XESTRILOC, S.L. a fianza de 40.000 € constituída para responder da colaboración na inspección do imposto ICIO, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

G) CALFENSA PROYECTOS S.L. EXPTE. 3740/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 22.09.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CALFENSA PROYECTOS S.L. a fianza de 2.999,91 € constituída para responder da instalación de bancos para parques infantís, xa que foron recibidos mediante

acta de 18.08.2011, conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

11(1119).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE REDUCIÓN DE XORNADA DA FUNCIONARIA D^a SILVIA TABOADA GONZÁLEZ. EXPTE. 22373/220.

Dáse conta da Resolución do concelleiro de Xestión Municipal, do 19.09.2011, a proposta da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o que segue:

Con data 12 de setembro de 2011, tivo entrada a través do Rexistro Xeral, doc. 110118517, escrito de D^a Silvia Taboada González, con DNI nº 36.116.263-F e nº persoal 79158, auxiliar de administración xeral, adscrita ao Servizo de Asesoría Xurídica, no que solicita acollerse á redución de xornada establecida no art. 11.f) do vixente acordo regulador.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro. O art. 11.f) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal o Servizo do Concello de Vigo, “Xornadas Reducidas”, establece: “Que os empregados que contan con complemento de destino ou equiparación inferior ao 28, e sempre que non resulte incompatible coa natureza do posto e cos fins do centro de traballo, poderán solicitar o recoñecemento de xornada reducida por interese particular de 9,00 a 14,00 h., de luns a venres, percibindo o 75% das súas retribucións correspondentes á xornada completa. Esta redución da xornada será incompatible con calquera outra.”

Segundo.- Polo que respecta á interesada, compre informar que reúne os requisitos indispensables de contar con complemento de destino ou equiparación inferior ao 28, e a solicitude é informada favorablemente pola Titular da Asesoría Xurídica.

Á vista das circunstancias anteriormente mencionadas e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Regimen Local segundo redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de Medidas para Modernización do Goberno Local, e de conformidade coa acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese a consideración do Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Autorizar a D^a Silvia Taboada González, nº persoal 79158, unha redución de xornada por interese particular de 9,00 a 14,00 h. de luns a venres, percibindo o 75% das súas retribucións correspondentes á xornada completa, solicitada pola interesada, de conformidade co previsto no art. 11.f) do vixente Acordo regulador, con efectos a partir do 22 de setembro do 2011.

Segundo.- Notifíquese á interesada, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Inspector auxiliar de persoal, Técnico de organización e planificación de Recursos Humanos e Seguridade Social) e Intervención Xeral, así como dar conta á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou

publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

12(1120).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE ACUMULACIÓN DE FUNCÍONS AO FUNCIONARIO D. OSCAR COUCE SENRA. EXPTE. 22368/220.

Dáse conta do Decreto do concelleiro delegado de Xestión Municipal, do 1.09.2011, que di o que segue:

En data 29 de xullo de 2011, a 1º Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos, solicita a Concellería de Xestión Municipal a realización dunha encomenda de funcións nos mesmos termos da realizada en data 15 de xullo de 2011, a D Oscar Couce Senra, con praza de administrativo de admón. xeral, nomeado “Xefe de oficina de actividades e instalacións” en data 1 de setembro de 2011, segundo proposta da Comisión de valoración do concurso de traslados do Concello de Vigo do ano 2011, de data 8 de xullo de 2011.

As funcións encomendadas foron:

- a) *Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA “Xerencia Municipal de Urbanismo”, sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.*
- b) *As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.*
- c) *As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,*

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

-Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA “Xerencia Municipal de Urbanismo”, sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.

-As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.

-As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos.

Segundo.- As funcións que en todo caso se desenvolverán baixo a dependencia directa da Concelleira Delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvoltas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto da encomenda, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla anexas á vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partir do día da súa notificación, dese traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

13(1121).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2011. EXPTE. 22318/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Avaliación e Formación de RR.HH., do 12.09.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos

Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 21.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Agosto-2011, e que ascenden a un total de 649’46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

14(1122).- PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2011. EXPTE. 22319/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Avaliación e Formación de RR.HH., do 12.09.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 21.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Agosto-2011 e que ascenden a un total 733.20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

15(1123).- CONTRATACIÓN INTERINA EN RÉXIME LABORAL, DUN OFICIAL CONDUTOR PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 22322/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Avaliación e Formación de RR.HH., do 9.09.2011, conformado pola xefa de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención, do 20.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia na cobertura interina dunha praza vacante de oficial condutor, escala de administración especial, encadrada dentro do persoal laboral, asociada a un posto de traballo coa mesma denominación, cód. retributivo 233 actualmente vacante no Servizo do Parque Móbil e que figura na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local do 20 de setembro de 2010 e publicada no

BOP nº 220, do martes 16 de novembro de 2010), consideradas as urxentes necesidades existentes no Servizo do Parque Móbil acreditadas no expediente administrativo.

Segundo.- Contratar interinamente con cargo a referida praza vacante de Oficial condutor, á D. JOSE LUIS OJEA DOMÍNGUEZ, con D.N.I. 36.050.799-R, aspirante que superou tódolos exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación, na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de oficial condutor, de conformidade coas bases xerais da mesma e ao abeiro do disposto nos artigos 7 da Lei 7/2007, do 12 de abril e, o artigo 15 do Estatuto dos traballadores e 4 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro. Dita contratación non produce efectos, no que respecta ó encadeamento de contratos a que se refire o art. 15.5 do Estatuto dos Traballadores, toda vez que se trata dun contrato de interinaxe con cargo a posto vacante na oferta de emprego público correspondente ao ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 30 de decembro de 2010, BOP de 4 de febreiro de 2011.

Terceiro.- Ó interesado formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinidade, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98.

Ó aspirante nomeado deberá subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinidade no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo, percibindo as retribucións do posto cód. 233-oficial condutor vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade.

A formalización deste contrato de interinidade e a conseguinte extinción do vínculo laboral con esta Administración producirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba ó interesado, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público, incluído na Oferta de Emprego correspondente o ano 2010, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de decembro de 2010, publicada no BOP de 4 de febreiro de 2011, ou, senón se convocase, na primeira oferta de emprego que se convoque, nos termos dispostos na lexislación vixente en materia de acceso ó emprego público (Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público).

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

16(1124).- PRODUTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2011. EXPTE. 22321/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Avaliación e Formación de RR.HH., do 12.08.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos

Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 21.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de AGOSTO de 2011, e que ascenden a un total de 840.84 €, con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

17(1125).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE FESTIVIDADE E NOCTURNIDADE Ó PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2011. EXPTE. 22320/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnico de Avaliación e Formación de RR.HH., do 12.08.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención, do 21.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	NOME	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Agosto	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	592,50
Alcaldía (oficina)	Agosto	Abalde Comesaña, Raquel	257,28
Limpeza	Agosto	Alonso Garrido, Eva María a Vázquez Varela, Severino	2.852,88
Policía Local	Agosto	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	66.613,92
I.M.D.	Agosto	Rodríguez Presa; Julio	127,72
Parque Móbil	Agosto	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	2.405,33
Museo de Castrelos	Agosto	De Ogando Lopez, Jose Manuel a Gonzalez Bello, Andres	276,38
Cemiterios	Agosto	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.981,86
Montes, Parques e Xardíns	Agosto	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.948,80
Desinfeccion	Agosto	De Pardellas Avion A Avelino A Seijas Alvarez Ramon	137,64
	TOTALES		77.194,31

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 77.194,31 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

18(1126).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2011. EXPTE. 22362/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 20.09.2011, e co informe do técnico de Intervención, do 21.09.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o gasto por un importe de **6.004,39 €**, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e que remata en D. Santiago Alonso Ferragud-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período agosto 2011.”

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.287,60 €
2410	Desenvolvemento Local e Emprego	233,50 €
1640	Cemiterios	10,64 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	603,44 €
1210	Conserxería	577,60 €
9310	Inspección Tributos	1.842,43 €
3330	Museo Quiñones de León	45,60 €
9222	Parque Móbil	403,58 €
	TOTAL	6.004,39 €

19(1127).- ADOPCIÓN DE MEDIDAS CAUTELARES EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 14 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL POR PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDAS NA OEP 2008. EXPTE. 22374/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico da Titular da Asesoría Xurídica, do 21.09.2011, e o informe proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 23.09.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da área, que a continuación se transcribe:

“ANTECEDENTES

1.- En data 08/07/2011, D^a Iolanda Alonso Regueiro, con DNI 36148829M e n^o de persoal 79394, presentou no Rexistro Xeral do Concello escrito denunciando presuntas irregularidades no funcionamento do órgano de selección encargado da execución dos procesos selectivos convocados para a provisión de prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) contempladas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

2.- Como queira que o contido do referido escrito relataba feitos de singular relevancia, no marco dos cales púñanse de manifesto presuntas irregularidades no funcionamento dos órganos de selección, así como en canto ao exercicio das funcións inherentes aos cargos de Presidente/a e Secretario/a dos órganos de selección, nos termos da legalidade vixente en materia de acceso ao emprego público e das propias bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados da execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, aprobadas por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 28 de maio, 5 de agosto e 24 de setembro do 2010, polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, en Decreto de data 18/07/2011, procedeuse á incoación dun expediente de información reservada tendente á averigüación dos feitos presuntamente acaecidos.

3.- Concluída a instrución do expediente reservado, foi solicitado informe xurídico ao órgano municipal responsable do asesoramento xurídico ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local. O dito informe foi emitido en data 21/09/2011 pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, obrando incorporado ao presente expediente.

4.- Considerando as conclusións acadadas pola Instrución do expediente en data 04/08/2011, e visto o informe xurídico emitido pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal, polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ditouse Instrución do servizo de data 23/09/2011, na cal se ordena a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local dunha proposta de adopción de medidas cautelares en relación ao procedemento administrativo tramitado no proceso selectivo de referencia, concretadas na suspensión do nomeamento de funcionarios/as con cargo ás prazas ofertadas, en tanto non se proceda á valoración das actuacións realizadas polo órgano de selección, nos termos dos informes emitidos e actuacións reservadas realizadas e referidas anteriormente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

II.- O artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, contempla (apartados 1, 3 e 4) que:

“1. Iniciado el procedimiento, el órgano administrativo competente para resolverlo, podrá adoptar, de oficio o a instancia de parte, las medidas provisionales que estime oportunas para asegurar la eficacia de la resolución que pudiera recaer, si existiesen elementos de juicio suficiente para ello.

(.....)

3. No se podrán adoptar medidas provisionales que puedan causar perjuicio de difícil o imposible reparación a los interesados o que impliquen violación de derechos amparados por las leyes.

4. Las medidas provisionales podrán ser alzadas o modificadas durante la tramitación del procedimiento, de oficio o a instancia de parte, en virtud de circunstancias sobrevenidas o que no pudieron ser tenidas en cuenta en el momento de su adopción.

En todo caso, se extinguirán con la eficacia de la resolución administrativa que ponga fin al procedimiento correspondiente.”

No presente suposto, non se causa prexuízo de difícil ou imposible reparación, nin violación de dereitos amparados polas leis, dada a inexistencia de dereitos adquiridos susceptibles de indemnización, xunto coa inexistencia de acto administrativo de nomeamento de funcionarios/as polo órgano municipal competente. En todo caso, debe facerse constar que es expectativas lexítimas de dereitos individuais cederían a favor da finalidade da medida provisional, que non é outra que a salvagarda do interese xeral no cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, legalidade, interdicción da arbitrariedade, e dos principios reitores do acceso e promoción profesional no emprego público recollidas no Dereito do Emprego Público.

III.- En consecuencia, e no uso das atribucións que en materia de xestión do persoal municipal ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011, e da Xunta de Goberno Local en acordo de data 17/06/2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, pola presente elévase ao citado órgano colexiado a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar, con carácter cautelar e como medida provisional ao abeiro do establecido no artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a suspensión do procedemento administrativo tramitado no proceso selectivo desenvolto para a provisión de 14 prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) encadradas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, e en consecuencia suspender o nomeamento de aspirantes con cargo ás prazas ofertadas, nos termos das actuacións realizadas e conclusións da Instrución do expediente de dilixencias informativas nº 22.201/220, e de conformidade co informe xurídico emitido pola Sra. Titular da Asesoría Xurídica Municipal en data 21/09/2011.

A dita medida, que se adopta aos efectos de garantir a legalidade, transparencia e adecuación a Dereito do proceso de selección de persoal (promoción profesional interna) así como dos posibles dereitos subxectivos e intereses lexítimos susceptibles de resultar afectados de procederse ao nomeamento de funcionarios/as con cargo ás prazas ofertadas, manterase namentres se procede ao estudo das actuacións realizadas polo órgano de selección nos termos do indicado nas conclusións do informe xurídico de data 21/09/2011, sendo deixada sen efecto por acordo posterior do órgano competente unha vez se proceda á emisión dos correspondentes informes xurídicos e informes-proposta necesarios para a adopción das medidas oportunas por parte do órgano municipal competente, extinguíndose en calquera caso coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente, nos termos do disposto no artigo 72.4 da Lei 30/1992.

SEGUNDO.-Notifíquese a presente resolución aos interesados/as, denunciante e membros do órgano de selección, outorgándolles un prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da notificación para a formulación de todas aquelas alegacións que estimen procedentes.

Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, unicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que antecede.

20(1128).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO ÁMBITO DE PLANEAMENTO REMITIDO CON ORDENACIÓN DETALLADA “APR A-3-29 FONTE ALVITE”. EXPTE. 4986/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de Admón. Xeral, do 14.09.2011, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, e co acordo do Concello de Xerencia Municipal de Urbanismo, do 23.09.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada “APR A-3-29 FONTE ALVITE” do PXOM de Vigo, de acordo coa documentación presentada pola mercantil “Vallehermoso División Promoción SAU”, que representa máis do 50% da superficie do polígono.

SEGUNDO: Requirir aos promotores da actuación para que se constitúan en Xunta de Compensación mediante escritura pública no prazo máximo dun mes desde a adopción do presente acordo. Achegarán copia autorizada da mesma e das adhesións que, de ser o caso, se produzan para a súa aprobación e posterior remisión á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Xunta de Galicia) para os efectos da inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

TERCEIRO: Requirir a todos aqueles propietarios afectados que non solicitasen a súa incorporación á Xunta de Compensación para que así o efectúen, se o desexan, no prazo dun mes contado desde a recepción da presente notificación, advertíndolles que, en caso contrario, poderán ser expropiados os seus bens e dereitos pola Administración actuante en favor da Xunta de Compensación, que actuaría como beneficiaria, ou ben ocupados os seus predios para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas.

CUARTO: Designar como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación á xefa de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, dona Belén González Ramírez.

QUINTO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e notificalo individualizadamente a todos os propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono, coa indicación de que contra o mesmo caberá interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

21(1129).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DICTADA POLA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TSXG POLA QUE SE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO DE APELACIÓN DA UNION DE CONSUMIDORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. DEIXAR SEN EFECTO A MODIFICACION TARIFARIA DO ACORDO DA XGL DO 26.02.2008, APLICADA NOS APARCADOIROS DA CIDADE. EXPTE. 74421/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa do servizo de Seguridade, do 29.09.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Executar a Sentenza firme nº 01067/2010, de 28 de outubro de 2010, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se estima parcialmente o recurso de apelación interposto pola Unión de Consumidores da Provincia de Pontevedra, nos termos expostos no Auto de 27.06.2011 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo na peza separada de execución de sentenza 16/2011 (autos principais de procedemento ordinario 187/2008).

SEGUNDO: Deixar sen efecto a modificación tarifaria aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de febreiro de 2008.

TERCEIRO: Aprobar como tarifa aplicable a vixente antes de dita modificación, isto é, a resultante de dividir por 60 o importe da totalidade de céntimos de euro que se percibían por hora antes da entrada en vigor da nova normativa que obriga a tarifarse por minutos.

CUARTO: Notificar este acordo ás concesionarias municipais “Tranvías Eléctricos de Vigo S.A.-Eloymar S.A”, “Corporación Maseveu S.A”, “Conycase S.A”, para que no dende o día 1 de outubro de 2011 procedan a tarifarse de conformidade co anteriormente exposto.

QUINTO: Notificar o presente acordo, para o seu coñecemento e demais efectos, ás concesionarias municipais “Interparking Hispania S.A.”, “Promociones Vialmar S.A.”,

“Ismael y Vicente Rodríguez Álvarez S.A” e “Aparcadoiro Jenaro de la Fuente S.A.”, así como á Unión de Consumidores da Provincia de Pontevedra.

SEXTO: Notificar o presente acordo á Asesoría Xurídica Municipal, para que a mesma proceda ao seu traslado ao Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

22(1130).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesus Lago Rey.